

PROXECTO LINGÜÍSTICODE CENTRO (2019-2023)

Data de aprobación: 2 de xuño de 2020

Data de revisión:



Táboa de contido

1. INTRODUCCIÓN	3
2. MARCO LEGAL.....	3
3. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO E SOCIOECONÓMICO DO CENTRO	4
3.1. LOCALIZACIÓN DO CENTRO	4
3.2. SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA	5
3.3. SITUACIÓN DO PROFESORADO	5
3.4. SITUACIÓN DO ALUMNADO.....	6
3.5. SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO.....	6
4. OBXECTIVOS.....	9
5. LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA	10
6. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS	12
7. DISTRIBUCIÓN LINGÜÍSTICA CURRICULAR.....	13
7.1. EDUCACIÓN INFANTIL.....	13
7.2. EDUCACIÓN PRIMARIA	15
8. LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NOS DOCUMENTOS CURRICULARES (PROGRAMACIÓNS).....	16
9. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA O CORRECTO USO LINGÜÍSTICO E PARA O ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO NAS LINGUAS.....	17
10. COMPETENCIAS DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA (E.D.L.G).....	19
11. AVALIACIÓN.....	20
12. ANEXO	23
12.1. ENQUISAS	23



1. INTRODUCCIÓN

No seu artigo 5 o Estatuto de Autonomía de Galicia define o galego coma a lingua propia de Galicia, que son oficiais os idiomas galego e castelán e que todos teñen dereito a coñecelos e a usalos.

A lingua considérase patrimonio cultural dun pobo e obxecto de respecto e protección.

O proxecto lingüístico no noso centro educativo CEIP FONTE ESCURA xorde cara a planificación lingüística que como centro educativo imos tentar percorrer para acadar os obxectivos que a lexislación vixente marca dende o desenvolto en primeiro momento na Constitución, no Estatuto de Autonomía, concretándose coa Lei 3/1983 de Normalización Lingüística, e co Plan Xeral de Normalización Lingüística. Todas estas leis, desenvoltas actualmente co Decreto 79/2010 do 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

Neste curso 2018-2019 elaboramos o novo Proxecto Lingüístico, en base ao Decreto 79/2010 do 20 de maio.

Este Proxecto Lingüístico foi redactado por unha comisión formada polo equipo directivo e o Equipo de Dinamización da Lingua Galega do centro.

O presente documento trata de fomentar as dúas linguas oficiais de Galicia entre o alumnado para que acaden a competencia lingüística.

Para facer efectivo o dereito á educación, o profesorado adoptará as medidas oportunas coa finalidade de que o alumnado que non teña o suficiente dominio da lingua poida seguir con proveito as ensinanzas que nesta lingua se lle impartan.

2. MARCO LEGAL

O presente documento baséase na normativa vixente, tendo como principais referentes legais os que siguen:

- **Lei3/1983, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística.**



- **Decreto 330/2010, do 4 de xuño**, polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Decreto 79/2010, do 20 de maio**, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia
- **Decreto 105/2014, do 4 de setembro**, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. No curso 2015/2016 deixa de estar en vigor o D. 130/2007.
- **Instrución para a aplicación do Decreto 70/2010, do 20 de maio**, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tras os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre este tema.

3. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO E SOCIOECONÓMICO DO CENTRO

3.1. LOCALIZACIÓN DO CENTRO

O CEIP Fonte Escura, integrado por oito unidades, está situado en Lavadores, pertencente ao municipio de Vigo. Conta cun total de **48 alumnos e alumnas e o claustro conta con 17 mestras**. Ofrecemos resposta educativa a un gran número de alumnos/as con necesidades educativas especiais que demandan unha organización de centro, dinámicas e adaptacións que definen a peculiaridade do noso centro. O noso CEIP destaca polo seu ambiente familiar e a atención individualizada ao alumnado. En canto ás instalacións do centro, contamos con dúas aulas específicas, dúas aulas de Educación Infantil, tres aulas para 1º e 2º, 3º e 4º e 5º e 6º así como dúas aulas de audición e linguaxe e unha de pedagogía terapéutica; unha aula de educación musical, unha aula multisensorial e outra de informática compartida coa biblioteca do centro.



3.2. SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA

Para determinar a situación sociolingüística do CEIP FONTE ESCURA, o Equipo que elaborou o Proxecto Lingüístico do centro (no curso 2019/2020) analizou os seguintes criterios:

- Datos achegados polo profesorado mediante as entrevistas persoais coas familias.
- Observación do alumnado, tanto nas aulas como no patio.

Despois de analizar estes datos observouse que a maioría do alumnado emprega habitualmente a lingua castelá.

En canto ás familias, en consonancia co dito anteriormente, existe un predominio no emprego do castelán, aínda que tamén existen familias de fala portuguesa.

A actitude dos pais/nais cara as linguas no ámbito educativo é positiva xa que consideran, en xeral, que a aprendizaxe de idiomas enriquece e inflúe na maduración dos seus fillos/as.

3.3. SITUACIÓN DO PROFESORADO

No noso claustro todos os docentes teñen dominio do galego para empregalo na actividade docente e mostran, ademais, una boa disposición para formarse e actualizarse.

Por outra banda, nas diversas reunións (Claustros, Consello Escolar, Reunións de Ciclo, Departamento de Orientación...) adoitamos empregar o galego.

De cara á utilización do galego no ámbito educativo, consideran que o ensino en galego axuda a aumentar o prestixio social desta lingua.

Por último, destacamos unha actitude positiva do profesorado de cara á normalización social do galego. A adquisición das dúas linguas cooficiais enriquecéonos. Paralelamente, o noso idioma debe ser fomentado socialmente.



3.4. SITUACIÓN DO ALUMNADO

A maioría do alumnado do noso centro ten como **lingua materna** o castelán, a cal é habitualmente utilizada no seu ámbito familiar, con algunhas excepcións que veñen dadas, sobre todo, polas familias inmigrantes ou de etnia xitana, que falan portugués.

Tamén se constata que hai un predominio da lingua castelá tanto na escrita como na fala. Pese a todo, a maior dificultade preséntase á hora de expresarse oralmente.

Consideramos que debemos traballar para conseguir que adquiran un nivel de competencia equiparable nos dous idiomas e para iso temos que traballar moito para afianzar un uso o máis correcto e normativo posible do galego xa que cando teñen que utilizar o castelán, fano dun xeito máis correcto.

3.5. SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

As variables que analizamos neste punto buscan coñecer cal é a presenza que ten a lingua galega na vida do centro, fóra da que teña nas actividades docentes. Podemos dicir:

- En canto á **organización do centro**, na actualidade emprégase o galego en toda a documentación administrativa e de xestión do Centro: actas de Claustro, Consello Escolar reunións de traballo, libros de rexistro, material de avaliación, correspondencia, circulares, Memoria de Centro, programacións e outros documentos da secretaría.
- As comunicación, avisos nos distintos taboleiros de novas e os rótulos das distintas dependencias escríbense en galego.
- Promóvese tamén o galego en todas as actividades complementarias e conmemoracións que se celebran ao longo do curso.
- En canto ás **relación sociais dentro de comunidade educativa** emprégase o galego nas reunión de Claustro e de Consello Escolar,



na relación entre os profesores/as, na relación entre o Centro e as distintas institucións do contorno. Os alumnos/as comunícanse en galego entre eles e cos outros membros da comunidade educativa.

- Un aumento na dotación de fondos en galego na biblioteca (libros, revistas, DVD...).

De todo isto despréndese que o uso do galego non está normalizado nin a nivel oral nin a nivel lectoescritura.

Somos conscientes de que a escola ten un papel fundamental como lugar para aprender a lingua. Por iso convén fixar actividades encamiñadas a corrixir as eivas sobre todo na fala, e na escrita nas áreas da ortografía, fónica e léxico. Froito da reflexión e da análise da realidade lingüística do noso Centro tomamos as seguintes decisións nas distintas etapas:

Educación Infantil

Atendendo á situación sociolingüística do medio no que está radicado o centro escolar e dos nosos alumnos/as en particular, establecemos o castelán como a lingua de aprendizaxe para estes primeiros anos da escolaridade. Tivemos en conta, á hora de tomar esta decisión, cun claro obxectivo normalizador, a lingua familiar do alumnado, a lingua predominante no medio e na convivencia. O que se pretende é acadar unha competencia semellante nas dúas linguas oficiais, tal e como aparece recollido na lexislación vixente.

En Lavadores (Vigo) a lingua ambiental predominante é o castelán, que é a lingua vehicular. Calquera que sexa a lingua familiar dos nenos e nenas, que no noso caso é tamén o castelán.

O material co que traballamos en Educación Infantil está en galego e en castelán, procurando que os alumnos/as vaian adquirindo tamén unha maior competencia en galego para o que seguiremos as seguintes liñas:

Estratexias



Resúmense seguidamente as estratexias e actividades para que o alumnado adquiera de forma oral e escrita o coñecemento das linguas oficiais. Neste caso están referidas á lingua castelá.

A nivel oral

- Introducíranse rutinas para que o alumnado se exprese tamén en lingua galega: saúdos, presentacións, diálogos, días da semana, o tempo, etc.
- Potenciarase diariamente a competencia oral coa escoita e o comentario de contos.
- Fomentárase que o alumnado exprese as súas vivencias tamén en galego.
- Asistencia a representacións, títeres, contacontos e obradoiros.
- Presentación de vocabulario alusivo á aula, oficios, animais, medios de transporte, etc.

A nivel escrito

- Presentación daquelas letras que non existen no abecedario en galego.
- Iniciación á escrita en galego.
- Iniciación á lectura en galego.

Educación Primaria

Cómpre ter en conta que é agora cando se afianza a adquisición das técnicas instrumentais básicas e, polo tanto, un período fundamental para afianzar o castelán e introducir progresivamente o galego tanto na lectura como na escritura (contos, poemas, etc), establecendo as bases e estratexias para



acadar a plena normalización do galego segundo a Lei de Normalización Lingüística e para conseguir equiparar o nivel de competencia nos dous idiomas, un traballo que se deberá continuar ao longo dos seguintes anos para lograr dito obxectivo.

Estratexias

- Producción de textos escritos en galego.
- Lectura e interpretación de textos galego adaptados á idade.
- Utilización da biblioteca escolar como fonte de información en galego.
- Utilización da biblioteca escolar como tempo de lecer en galego.
- Producción de textos orais e escritos en galego en contextos reais (xogos no patio, actividades na contorna...).

4. OBXECTIVOS

- a. Utilizar, promover e divulgar a lingua galega en todas as actividades que se leven a cabo no Centro.
- b. Traballar cara a consecución dunha boa competencia nas dúas linguas oficiais de Galicia.
- c. Informar ao profesorado de todas as actividades de formación que se oferten, para mellorar as súas competencias lingüísticas
- b. Promover a lectura, fala, comprensión e escritura na lingua propia da nosa Comunidade.
- c. Seguir promovendo a escrita en galego en todas as comunicación que saian do centro, así como toda a documentación empregada a nivel interno.
- d. Valorar a historia e cultura propias deseñando programas de coñecemento das mesmas.



- e. Manter informada á comunidade educativa de acontecementos vinculados coa cultura galega na zona: exposicións, festexos, revistas, concursos..
- f. Dotar ao centro dos materias curriculares axeitados para o coñecemento da lingua e cultura galegas.
- g. Facilitar a asistencia ao centro de ilustradores, escritores, contacontos, grupos teatrais e de música tradicional, ou persoeiros que promovan a lingua e a cultura galegas.
- h. Dotar á biblioteca e ás aulas de materiais informáticos e audiovisuais en galego, e promover o seu uso.
- i. Dinamizar a lectura, sexa de libros informativos, publicacións periódicas, contos, banda deseñada, poesía, teatro ou narrativa.
- j. Fomentar o uso das TICs empregando o galego.
- k. Potenciar a valoración positiva do uso do idioma galego por parte de todos os membros da comunidade educativa.
- l. Posibilitar a integración do alumnado que non coñeza suficiente a lingua predominante, atendendo á inmersión lingüística do alumnado inmigrante.
- m. Manter e promover relacións abertas co concello de Vigo, así como da ANPA.
- n. Potenciar a visión do Equipo de Dinamización da Lingua Galega como órgano de coordinación docente e dar visibilidade explícita das súas actuacións.
- o. Informar e implicar ás familias no proceso dinamizador e normalizador.
- p. Promocionar as festas tradicionais galegas.
- q. Promover o coñecemento da contorna inmediata: características do medio natural, historia, arte, xeografía, manifestacións culturais.

5. LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA

- Empregar a lingua galega en todos os documentos administrativos e pedagóxicos do centro, na correspondencia e avisos dirixidos ás familias do alumnado, ou calquera institución.



- Empregar o galego en carteis, letreiros e avisos que se coloquen no colexio, así como na páxina web do centro e nos blogs.
- Divulgar entre o profesorado o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia e o resto da lexislación vixente.
- Impulsar dende o centro certames de literarios de narracións, poesías...
- Realizar de actividades de contacontos, por parte dos propios alumnos e das familias.
- Impulsar as investigacións sobre a historia, lendas, patrimonio etnográfico da nosa contorna.
- Promover e organizar actividades en colaboración cos axentes da nosa contorna, co obxectivo de empregar o galego en contextos naturais.
- Ampliar os fondos da biblioteca con material en galego atractivo para o alumnado.
- Fomentar a lectura en galego coa mochila viaxeira.
- Promover a visita de persoas relevantes galegas: escritores, científicos...
- Impulsar a participación activa de toda a comunidade educativa nas festas tradicionais: Magosto, Nadal, Día da Paz, Entroido, Letras Galegas e outras actividades que contribúan á revalorización da nosa cultura, proporcionando recursos ao profesorado.
- Realizar actividades en soporte informático para mellorar a competencia lingüística da comunidade educativa.
- Traballar o escritor ao que se lle adiquen as letras galegas con actividades que faciliten o coñecemento da súa obra e da súa biografía.
- Crear un banco de recursos manipulativos e TIC en galego para o uso de todo o alumnado.
- Organizar xornadas de xogos populares.



- Utilizar a biblioteca do centro como parte fundamental da dinamización lingüística.
- Fomentar a convivencia cos distintos centros da zona e en xeral co barrio de Lavadores.
- Dinamizar os patios a través de xogos que inclúan a todos os alumnos e cos que se fomente o uso do galego en espazos de ocio e tempo libre.

6. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS

HUMANOS

- Todo o profesorado do centro.
- ANPA
- Dirección Xeral de Política Lingüística.
- Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo.

MATERIAIS

- Biblioteca escolar ben dotada: dicionarios variados, libros de lectura, de consulta, con dous ordenadores con conexión a Internet.
- Bibliotecas de aula.
- Ordenadores con pizarras interactivas con conexión a Internet na maioría das aulas.
- Aula de informática (localizada no mesmo espazo que a biblioteca).
- Fotocopiadora e plastificadora.
- Material achegado por distintas institucións sobre a dinamización e normalización lingüística e promoción da lingua e cultura galega.
- Diversos xogos de mesa.
- Taboleiro de anuncios.



7. DISTRIBUCIÓN LINGÜÍSTICA CURRICULAR

Na nosa contorna castelán falante o obxectivo segue a ser que os alumnos consoliden unha competencia plena na súa lingua materna e que acaden unha boa competencia a nivel oral e escrito. Así mesmo é fundamental que adquiren tamén unha competencia plena na outra lingua oficial, a tanto a nivel oral como escrito. Consideren ademais que a introdución da segunda lingua (no noso caso, a lingua galega) debe ser inicialmente no plano oral como paso previo antes de iniciar a escrita, aspecto a ter en conta principalmente na Educación Infantil.

7.1. EDUCACIÓN INFANTIL

Tal e como marca o **Decreto 79/2010 do 20 de maio** para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia no seu artigo 5º para a **Educación Infantil**, o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, ben que deberá ter en conta a lingua do contorno e procurará que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia. (No noso centro a **lingua materna** predominante é o **castelán**). Asemade, atenderase de xeito individualizado, tendo en conta a súa lingua materna.

A lingua materna predominante do alumnado será determinada do seguinte xeito:

- Entrevista inicial coas familias e enquisa para os pais/nais (empregando o modelo oficial): antes de que os alumnos/as de tres anos accedan por primeira vez ao Centro, levarase a cabo unha entrevista inicial cos pais do alumnado. En dita entrevista observarase a lingua de comunicación empregada entre pais e fillos, e solicitarase das familias información ao respecto da lingua empregada habitualmente na casa.



- Observación inicial do grupo de alumnos durante os primeiros días: mediante a observación dos momentos de comunicación entre iguais por parte do alumnado, obteranse datos relativos aos usos lingüísticos e lingua materna predominante no alumno.
- Estudio sociolóxico do Centro e o do entorno educativo: terase en conta a situación lingüística no centro do alumnado en xeral, de xeito que se poidan obter datos relativos á lingua vehicular predominante no Centro. Do mesmo xeito, recabaranse os mesmos datos en relación o contorno educativo do centro (ANPA, entidades colaboradoras, familias...)
- Outra serie de datos que se poidan recabar ao respecto dos usos lingüísticos e da lingua materna predominante de acordo a elementos como: o mapa sociolingüístico de Galicia, datos estatísticos oficiais, estudos realizados por diferentes entidades o respecto.
- Cada curso académico farase constar o resultado desta decisión na addenda ao proxecto lingüístico, que será incluída na Programación Xeral Anual.

Actividades tipo para a introdución da lingua galega:

- Xogo simbólico
- Recunchos
- Proxectos
- Debuxos e fotos
- Contos
- Cancións
- Monicreques e Marionetas
- Exercicios logopédicos.
- Psicomotricidade



7.2. EDUCACIÓN PRIMARIA

No seu artigo 6º para a **Educación Primaria**, garantírase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia.

Asemade, o noso centro garante que as materias en galego e en castelán se distribúen na mesma hora de porcentaxe de horas semanas, quedando impartidas da seguinte forma, as resaltadas en azul impártense en lingua galega e as amarelas en castelán:

Áreas	Cursos					
	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Lingua galega e literatura	4	4	4	4	4	3
Llingua castelá e literatura	4	4	4	4	4	3
Matemáticas	5	5	4	4	5	5
Ciencias sociais	3	2	3	2	2	3
Ciencias da natureza	2	2	2	2	2	2
Lingua estranxeira	Inglés	Inglés	Inglés	Inglés	Inglés	Inglés



Edu. artística	Plástica	1	1	1	1	1	1
	Música	1	1	1	1	1	1
Educación física		2	2	2	2	2	2
Relixión/ Valores sociais e cívicos		1	2	1	1	1	1
Libre configuración (reforzo da lingua)					1		1
Totais		12/11	12/11	11/11	11/10	12/10	11/11

8. LINGUAS QUE SE DEBEN EMPREGAR NOS DOCUMENTOS CURRICULARES (PROGRAMACIÓNS)

Segundo o disposto no decreto 79/2010 , do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, as programacións e outros documentos didácticos das materias de lingua redactaranse, con carácter xeral, na lingua respectiva.



9. MEDIDAS DE APOIO E REFORZO PARA O CORRECTO USO LINGÜÍSTICO E PARA O ALUMNADO CON INSUFICIENTE DOMINIO NAS LINGUAS

O presente apartado abrangue todas aquelas medidas de carácter organizativo e curricular que sexa preciso desenvolver no caso de alumnos/as que presenten un déficit lingüístico ou insuficiente dominio das linguas.

O primeiro en detectar as necesidades será o mestre titor na avaliación inicial e continua, identificará as necesidades existentes e aplicará as medidas preventivas e de axuste ordinario ao seu alcance. Cando a valoración das necesidades así o precise, recorrerá ao Departamento de Orientación que levará a cabo a preceptiva avaliación psicopedagóxica regulada na Orde do 31 de Outubro de 1996.

A partir da detección e valoración inicial das necesidades organizaranse os apoios e estableceranse as medidas oportunas, tanto de apoio na aula ordinaria por partes dos mestres con horario dispoñible, como polo mestre de Pedagogía Terapéutica ou Audición e Linguaxe, se fose preciso.

No caso de alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE) o ensino desenvolverase na súa lingua materna, sen prexuízo de que progresivamente poidan aprender a segunda lingua , previa valoración individualizada de cada caso.

En canto ao alumnado estranxeiro, o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario en Galicia, establece que a administración elaborará un plan dirixido ao alumnado con necesidades educativas especiais, que asegura a capacitación lingüística nas linguas oficiais, por un lado, dispoñemos da Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro, segundo o cal os alumnos que descoñezan ambas linguas cooficiais, poderán incluírse en grupos de adquisición das linguas a partir dos cinco anos.



A educación escolar ten que asegurar un equilibrio na necesaria comprensividade do currículo, en materia de linguas, para acoplarse á diversidade de alumnos. Para iso require unha flexibilidade que proporcione axudas pedagóxicas necesarias que mellor se axusten á diversidade.

Os procesos de aprendizaxe das linguas non deben ser uniformes nin homoxéneos, xa que cada alumno/a ten o seu ritmo, as súas capacidades e os seus intereses.

Propoñemos unha serie de medidas concretas que posibilitan unha atención educativa global e integradora para os alumnos que presentan necesidades educativas específicas no campo lingüístico:

Medidas relativas aos obxectivos e contidos

- Priorizar obxectivos e contidos na aprendizaxe das linguas.
- Eliminar contidos secundarios.
- Secuenciar contidos.

Medidas nos procedementos didácticos e nas actividades.

- Diseñar actividades curtas
- Adaptar materias
- Intentar que o alumnado vexa a utilidade das linguas.
- Reducir o nivel de abstracción das actividades: adaptar textos.
- Traballar as linguas de xeito oral e escrito de maneira simultáneas.
- Traballar a pronunciación e a comprensión de textos escritos nas tres linguas.

Medidas grupais

- Traballo en pequeno grupo
- Traballo individualizado profesor/alumno

Organización do tempo



- Establecemento de tempos para a coordinación vertical e horizontal do profesorado.
- Distribución do tempo entre os distintos profesionais de apoio que interveñen directamente co alumno/a que o necesita.

As profesoras e profesores das distintas áreas e niveis, farán unha observación directa do uso do galego en todas as actividades: docentes, biblioteca, actividades extraescolares, etc.

10. COMPETENCIAS DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA (E.D.L.G)

COMPETENCIAS

- Diseñar, solicitar e revisar programas de promoción da lingua galega no centro educativo.
- Diseñar, por en marcha e revisar actividades de fomento do uso da lingua galega tanto na fala como na escrita.
- Organizar a celebración daquelas festividades que estean relacionadas coa lingua ou cultura galegas.
- Elaborar o Proxecto Lingüístico do centro.

OBXECTIVOS XERAIS

Fomentar o incremento (ou cando menos que non diminúa) do uso do galego na fala e na escrita dun xeito normalizado e xeneralizado na nosa comunidade educativa.

LIÑAS DE ACTUACIÓN:



- Elaboración e xestión, polo alumnado, dun xornal dixital en lingua galega.
- Dinamización da hora do recreo a través de xogos cos que se fomente o uso do galego nun espazo de ocio.
- Preparación de vídeos explicativos en galego (por exemplo, de cada unha das hortalizas que plantamos na nosa horta).
- Programación de charlas, coloquios, comentarios a nivel de aula, nos que se faga partícipe ao alumnado e ás familias (puntualmente).
- Realización de actividades populares e culturais: Samaín, Magosto, Entroido, semana das Letras Galegas; en colaboración cos diferentes equipos do centro e fomentando a participación das familias.
- Actividades de fomento da lectura de libros escritos na nosa lingua, en colaboración co equipo de biblioteca.
- Actividades de fomento do uso das TIC en lingua galega.
- Visitas a lugares de interese cultural.
- Dinamización con xogos, cantigas, bailes...populares galegos.
- Colaboracións intercentro co obxectivo de fomentar a oralidade.
- Realización de actividades de colaboración, en lingua galega, na contorna (residencia da terceira idade, biblioteca, asociación de veciños...).
- Galegómetro: actividade de fomento do uso oral da lingua galega.

11. AVALIACIÓN

Segundo o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo, a avaliación do Proxecto Lingüístico do Centro debe ser aprobado e avaliado polo Consello Escolar (art. 14). Previamente, realizaremos unha valoración deste na comisión de coordinación pedagóxica, e as propostas que xurdan trasladaranse á reunión do claustro de profesores para o seu debate. As



conclusións que se tomen expoñeranse no Consello Escolar, quen aprobará o Proxecto Lingüístico.

Este proxecto remitiráselle cada catro cursos escolares ao servizo de Inspección educativa.

Anualmente, elaborárase unha addenda do Proxecto Lingüístico na cal conste:

- Os resultados en Educación Infantil, da pregunta aos pais/nais, titores/as ou representantes legais do alumnado para obter información respecto da lingua materna predominante entre o alumnado, e as actividades e estratexias de aprendizaxe para que o alumnado adquira de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais.
- Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso anterior e información do que se vai desenvolver no seguinte curso.
- Se é o caso de que haxa unha modificación na impartición da lingua dalgunha materia, informarase sobre os cambios aprobados polo centro e autorizados pola consellería competente en materia de educación.



BEATRIZ MOLDES PEÑAS como secretaria do CEIP DE FONTE ESCURA
DE VIGO

CERTIFICA:

Que este Proxecto Lingüístico do Centro, recibiu a conformidade do Claustro
de mestres/as e a aprobación do Consello Escolar o día 2 de xuño de 2020.

Vigo, a 2 de xuño de 2020

Vº e Pr.

A DIRECTORA

ASDO:



A SECRETARIA

ASDO: Beatriz Moldes Peñas



12. ANEXO

12.1. ENQUISAS

ENQUISA PARA ALUMNOS E ALUMNAS

Que lingua fala habitualmente?

- En galego sempre Máis galego ca castelán
- Máis castelán ca Galego En castelán sempre

Cando alguén fala con vostede...

- Contéstalle na lingua que lle están falando
- Contéstalle na lingua que fala vostede habitualmente
- Non pode falar na actualidade por enfermidade ou discapacidade

En que lingua escribe habitualmente?

- Galego Castelán Noutra/s lingua/s (especificar)
- Non pode escribir na actualidade por enfermidade ou discapacidade

Actualmente, en que lingua se desenvolve mellor para...?

- a) Falar



- Galego Castelán Nas dúas por igual

b) Ler

- Galego Castelán Nas dúas igual

c) Escribir

- Galego Castelán Nas dúas igual

En que lingua fala cos seguintes familiares?

a) Nai

- En galego sempre Máis galego ca castelán
- Máis castelán ca galego En castelán sempre
- Noutra/s lingua/s (especificar)

b) Pai

- En galego sempre Máis galego ca castelán
- Máis castelán ca galego En castelán sempre
- Noutra/s lingua/s (especificar)

c) Avós



En galego sempre Máis galego ca castelán Máis castelán ca galego

En castelán sempre Noutra/s lingua/s (especificar)

d) Irmáns

En galego sempre Máis galego ca castelán Máis castelán ca galego

En castelán sempre Noutra/s lingua/s (especificar)

En que lingua fala habitualmente con...?

a) Amigos

En galego sempre Máis galego ca castelán

Máis castelán ca galego En castelán sempre

Noutra/s lingua/s (especificar)

USO DO GALEGO NA ENSINANZA

En que lingua fala habitualmente cos seus compañeiros na clase?

Só galego Maioritariamente en galego

Maioritariamente en castelán Só castelán



En que lingua fala habitualmente cos seus profesores?

- Só galego Maioritariamente en galego
 Maioritariamente en castelán Só castelán

En que lingua escribe habitualmente na escola?

- Só galego Maioritariamente en galego
 Maioritariamente en castelán Só castelán

ENQUISA PARA AS FAMILIAS

Actualmente, en que lingua se desenvolve mellor para...?

a) Falar

- Galego Castelán Nas dúas por igual
 Outra (indicar)

b) Ler

- Galego Castelán Nas dúas por igual
 Outra (indicar)

c) Escribir



Galego Castelán Nas dúas por igual

Outra (indicar)

En que lingua fala cos seguintes familiares?

a) Nai

En galego sempre Máis galego ca castelán

Máis castelán ca galego En castelán sempre

Noutra/s lingua/s (especificar)

b) Pai

En galego sempre Máis galego ca castelán

Máis castelán ca galego En castelán sempre

Noutra/s lingua/s (especificar)

c) Avós

En galego sempre Máis galego ca castelán

Máis castelán ca galego En castelán sempre

Noutra/s lingua/s (especificar)

d) Irmáns



En galego sempre Máis galego ca castelán

Máis castelán ca galego En castelán sempre

Noutra/s lingua/s (especificar)

e) Parella

En galego sempre Máis galego ca castelán

Máis castelán ca galego En castelán sempre

Noutra/s lingua/s (especificar)

e) Fillos

En galego sempre Máis galego ca castelán

Máis castelán ca galego En castelán sempre

Noutra/s lingua/s (especificar)

En que lingua fala con... ?

a) Compañeiros

En galego sempre Máis galego ca castelán

Máis castelán ca galego En castelán sempre

Noutra/s lingua/s (especificar)



b) Persoal ao seu cargo

- En galego sempre Máis galego ca castelán
- Máis castelán ca galego En castelán sempre
- Noutra/s lingua/s (especificar)

c) Superiores

- En galego sempre Máis galego ca castelán
- Máis castelán ca galego En castelán sempre
- Noutra/s lingua/s (especificar)

f) Profesores dos fillos

- En galego sempre Máis galego ca castelán
- Máis castelán ca galego En castelán sempre
- Noutra/s lingua/s (especificar)

g) Persoal da administración

- En galego sempre Máis galego ca castelán
- Máis castelán ca galego En castelán sempre



- Noutra/s lingua/s (especificar)

h) Persoal da banca

- En galego sempre Máis galego ca castelán

- Máis castelán ca galego En castelán sempre

- Noutra/s lingua/s (especificar)

Foi á escola, instituto, centro de formación profesional, universidade ou similar en Galicia? (non considerar academias)

- Si Non

En que idioma recibiu habitualmente as clases, excluindo as clases de idiomas (galego, castelán, inglés, etc.)?

- En galego sempre Máis galego ca castelán

- Máis castelán ca galego En castelán sempre

- Noutra/s lingua/s (especificar)

C- USO DO GALEGO NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN

Que lingua usa para...?

a) Ver a televisión

- En galego sempre Máis galego ca castelán



Máis castelán ca galego En castelán sempre

Noutra/s lingua/s (especificar)

b) escoitar a radio

En galego sempre Máis galego ca castelán

Máis castelán ca galego En castelán sempre

Noutra/s lingua/s (especificar)

c) Ler a prensa (periódicos, revistas)

En galego sempre Máis galego ca castelán

Máis castelán ca galego En castelán sempre

Noutra/s lingua/s (especificar)

d) Ler libros

En galego sempre Máis galego ca castelán

Máis castelán ca galego En castelán sempre

Noutra/s lingua/s (especificar)

e) Navegar por internet

En galego sempre Máis galego ca castelán



Máis castelán ca galego En castelán sempre

Noutra/s lingua/s (especificar)

D- PERCEPCIÓN DO USO DO GALEGO

Segundo vostede, o galego actualmente úsase...?

Moito Bastante Normal Pouco Nada

En xeral, na sociedade, pensa que o galego se usa máis, igual ou menos que fai 5 anos?

Máis Igual Menos

Dentro de 5 anos, pensa que o galego se usará máis, igual ou menos que hoxe en día?

Máis Igual Menos